

Venres, 9 de xaneiro de 2026

Núm. 5

XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***DECLARACIÓN DE INTERESE AUTONÓMICO DO PROXECTO PO/25/199.01, NOS
CONCELLOS DO GROVE E SANXENXO*

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2025 pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2025, polo que se declara o interese autonómico do proxecto denominado “Mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e PO-308 na entorna da Lanzada”, de clave PO/25/199.01, situado nos concellos do Grove e Sanxenxo.

En cumprimento do disposto no artigo 42.4 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, faise público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de decembro de 2025, polo que se declara o interese autonómico do proxecto denominado “Mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e PO-308 na entorna da Lanzada”, de clave PO/25/199.01, situado nos concellos do Grove e Sanxenxo.

Exposición de motivos:

A Axencia Galega de Infraestruturas ten previsto unha actuación integral de “Mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e PO-308 na entorna da Lanzada”.

Dado o singular o espazo afectado a estratexia prevista está fundamentada en tres aspectos:

- Enfoque Integral. Tramitación como proxecto de interese autonómico (PIA), que permite tratar de forma conxunta unha ordenación territorial que teña en conta as necesidades de mobilidade e de preservar os valores ambientais.
- Mellora substancial da situación ambiental actual, que compense calquera afección puntual.
- Mellora substancial da mobilidade global, tanto da capacidade viaria como da situación actual de falta de accesibilidade alternativa ao vehículo.

A singularidade e relevancia da actuación, fan necesario acudir a unha das ferramentas das que dispón a Comunidade Autónoma a través da Lei 1/2021 como é a do proxecto de interese autonómico para poder acometer a actuación.

A documentación da proposta de actuación requirida no artigo 41.2 Lei 1/2021 está a disposición da cidadanía na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/transparencia/pia/lanzada>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:33RL606SSUFJ0P9A



Venres, 9 de xaneiro de 2026

Núm. 5

Polo exposto, o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de decembro de 2025 adoptou o seguinte

ACORDO

1. Declarar o interese autonómico para os efectos previstos na Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, do proxecto “Mellora da funcionalidade, capacidade e integración ambiental da VG-4.1 e PO-308 na entorna da Lanzada”, de clave PO/25/199.01, situado nos concellos do Grove e Sanxenxo.

2. Determinar como órgano competente por razón da materia á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas a través da Axencia Galega de Infraestruturas.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa; sen prexuízo de que, con carácter previo e potestativo, poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

María Deza Martínez

Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:33RL606SSUF-30P9A

